


CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO DE CAMARIÑAS:

(Ano 2005)

O desemprego rexistrado no Concello de Camariñas no 2005 caracterízase por un maior número de persoas desempregadas nos meses de maio a xullo con fluctuación á baixa durante o desenvolvemento do ano. A media mensual de desempregados no período estudado foi de 358.




Analizando os datos por trimestres, observamos un mantemento no primeiro con descenso no mes de marzo, un mantemento no mes de abril para ascender ás cifras maiores en xuño e xullo. O terceiro trimestre iníciase cun descenso de persoas

desempregadas que acada as menores cifras do ano. O cuarto trimestre iníciase cun leve ascenso que se consolida ata finais de ano.

Son os meses de marzo, abril e setembro os que rexistran menos desemprego e marzo e xuño-xullo os de maior incidencia no rexistro de parados no Concello de Camariñas.

O maior porcentaxe de desemprego atopámolo nos maiores de 25 anos (84%) tendo o seu momento de maior incidencia nos primeiros e últimos meses do ano e nos meses do verán, con clara influencia do movemento de retorno dos emigrantes do concello e as contratacións temporais relacionadas coa construción, extinción de incendios e limpeza de praias.


Os menores de 25 anos que constitúen o 16% dos desempregados rexistrados manteñen cifras similares ao longo do ano. No 2005 atopamos o maior porcentaxe de desemprego de menores de 25 anos dos últimos anos.



CADRO Nº1: DESEMPREGADOS POR GRUPO DE IDADE

| Meses 2005 | MENORES DE 25 ANOS | MAIORES DE 25 ANOS |
|--------------|--------------------|--------------------|
| Xaneiro | 58 | 351 |
| Febreiro | 70 | 339 |
| Marzo | 66 | 302 |
| Abril | 67 | 292 |
| Maio | 65 | 350 |
| Xuño | 68 | 372 |
| Xullo | 69 | 349 |
| Agosto | 60 | 330 |
| Setembro | 47 | 312 |
| Outubro | 49 | 315 |
| Novembro | 50 | 320 |
| Decembro | 54 | 356 |
| MEDIA | 60 | 332 |

O desemprego afecta ás mulleres (59%) máis que ós homes (41%). Observamos nos datos e no gráfico que as mulleres presentan cifras moito maiores de desemprego ó longo de todo o ano. O comportamento do desemprego, xa apuntado no análise dos anos anteriores, segue a estar determinado o ascenso polo incremento do desemprego feminino e a súa diminución polo descenso dos paro masculino .



CADRO Nº 2: DESEMPREGADOS POR SEXO

| | Homes | Mulleres | TOTAL |
|-----------------|-------|----------|------------|
| Xaneiro | 152 | 257 | 409 |
| Febreiro | 182 | 227 | 409 |
| Marzo | 167 | 201 | 368 |
| Abril | 165 | 194 | 359 |
| Maio | 164 | 251 | 415 |
| Xuño | 192 | 248 | 440 |
| Xullo | 173 | 245 | 418 |
| Agosto | 168 | 222 | 390 |
| Setembro | 135 | 224 | 359 |
| Outubro | 137 | 227 | 364 |
| Novembro | 139 | 231 | 370 |
| Decembro | 171 | 239 | 410 |
| MEDIA | 148 | 231 | 393 |

Nos grupos de idade por sexos as mulleres seguen a presentar as maiores cifras de desemprego, nos menores de 25 atopamos unha media de 32 mulleres e 28 homes e nos maiores de 25 temos 198 mulleres de media fronte a 134 homes. Os porcentaxes de mulleres en ámbolos dous grupos de idade superan o 53%.

CADRO Nº3: DESEMPREGADOS MENORES DE 25 ANOS

| | HOMES | MULLERES | TOTAL |
|-----------------|-------|----------|-------|
| Xaneiro | 21 | 37 | 58 |
| Febreiro | 33 | 37 | 70 |
| Marzo | 32 | 34 | 66 |
| Abril | 35 | 32 | 67 |
| Maio | 26 | 39 | 65 |
| Xuño | 34 | 34 | 68 |
| Xullo | 34 | 35 | 69 |
| Agosto | 33 | 27 | 60 |
| Setembro | 22 | 27 | 49 |
| Outubro | 22 | 27 | 49 |
| Novembro | 19 | 31 | 50 |
| Decembro | 21 | 33 | 54 |
| MEDIA | 28 | 32 | 60 |

CADRO Nº4: DESEMPREGADOS MAIORES DE 25 ANOS

| | HOMES | MULLERES | TOTAL |
|-----------------|-------|----------|-------|
| Xaneiro | 131 | 220 | 351 |
| Febreiro | 149 | 190 | 339 |
| Marzo | 135 | 167 | 302 |
| Abril | 130 | 162 | 292 |
| Maio | 138 | 212 | 350 |
| Xuño | 158 | 214 | 372 |
| Xullo | 139 | 210 | 349 |
| Agosto | 135 | 195 | 330 |
| Setembro | 112 | 200 | 312 |
| Outubro | 115 | 200 | 315 |
| Novembro | 120 | 200 | 320 |
| Decembro | 150 | 206 | 356 |
| MEDIA | 134 | 198 | 332 |


Respecto ós maiores de 25 anos, son as mulleres as que marcan o ascenso do desemprego do concello, cunha tendencia xeral ó descenso progresivo ata abril dende onde ascende manténdose en menor cifra que ó inicio do ano e rematando o ultimo mes con 206 desempregadas.

Os meses de setembro e outubro son os de mellor comportamento nas mulleres e homes menores de 25 anos, aínda que nos maiores de 25 anos presentan as mulleres mellores cifras en abril e os homes en setembro.

CADRO Nº 5: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

| | AGRICULTURA /GANDERÍA | INDUSTRIA | CONSTRUCCIÓN | SERVIZOS | SEN EMPREGO ANTERIOR | TOTAL |
|-----------------|-----------------------|-----------|--------------|----------|----------------------|-------|
| Xaneiro | 37 | 52 | 96 | 185 | 39 | 409 |
| Febreiro | 68 | 28 | 91 | 184 | 38 | 409 |
| Marzo | 66 | 26 | 85 | 156 | 35 | 368 |
| Abril | 70 | 25 | 82 | 146 | 36 | 359 |
| Maio | 45 | 36 | 87 | 189 | 58 | 415 |
| Xuño | 73 | 34 | 82 | 193 | 58 | 440 |
| Xullo | 54 | 39 | 84 | 184 | 57 | 418 |
| Agosto | 50 | 38 | 78 | 173 | 51 | 390 |
| Setembro | 40 | 38 | 67 | 170 | 44 | 359 |
| Outubro | 40 | 38 | 73 | 172 | 41 | 364 |
| Novembro | 39 | 31 | 82 | 174 | 44 | 370 |
| Decembro | 44 | 36 | 104 | 179 | 47 | 410 |
| MEDIA | 52 | 35 | 84 | 175 | 46 | 393 |

Os demandantes do sector servizos supoñen o porcentaxe maioritario (45%) do desemprego no noso concello, confirmando as análises feitas nos anos anteriores, con tendencia ó descenso nos meses de marzo e abril e ascensos pronunciados a mediados do ano para estabilizarse a finais en torno ós 170 desempregados/as.



A construción presenta un descenso leve e progresivo ó longo do ano, máis acusado nos derradeiros meses do ano. A industria presenta cifras en descenso leve pero continuado ó longo do ano. E neste ano atopamos cifras maiores no desemprego dos demandantes de primeiro emprego. O sector primario presenta flutuacións ó longo do período, cun ascenso moi pronunciado nos meses de abril e xuño onde acada a súa maior cifra de parados/as.

CONCLUSIÓNS.

1. O comportamento do desemprego no Concello de Camariñas vén marcado polo maior peso das mulleres nesta situación e o desemprego dos maiores de 25 anos, tamén con maior presenza feminina
2. O descenso nas cifras do paro segue influído polo descenso do número de homes. En xeral este ano presenta mellor situación a primeira metade do ano.
3. A demanda no sector servizos, cunha media de 175 parados/as ó mes, é a maioritaria cun ascenso a partires de abril.
4. O sector da construción, con 84 desempregados/as de media mensual, é o que mellor traxectoria presenta no ano, cun descenso progresivo ata un ascenso no derradeiro mes. O sector industria tamén debuxa unha traxectoria positiva, cun descenso pronunciado dende o segundo trimestre do ano e xunto co sector primario son os de menor desemprego.
5. Os demandantes de primeiro emprego superan por primeira vez os valores de 40 desempregados/as a partires de maio.
6. O sector primario presenta as maiores cifras de paro destes últimos anos cunha media de 52 parados/as neste sector.